

**FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL  
COMISIÓN TRIPARTITA**

**ACTA Nº 2**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de  
Recursos Humanos  
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

**Redacción de acta:**  
Rafael Ameneiro Bravo

**REPRESENTANTES SINDICAIS**

**Comité de Empresa de Ourense**  
Rodrigo Alverte Pivida (CIG)  
José M. García Eirín (CIG)  
Luis Pérez Gómez (CIG)

**Comité de Empresa de Pontevedra**  
Marcos Estévez Orge, Presidente (CCOO)  
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)  
Federico Fernández Fernández (CIG)  
Marisa Magaz Ledo (CCOO)  
Carlos Mollinedo Lois (CIG)

**Xunta de Persoal funcionario administración e  
servizos:**

Xoán Cebro Rodríguez, Presidente (CIG)  
María José Ríos Santomé (CIG), secretaria  
Miguel Ángel Cabañas Díaz (UGT)  
Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)  
Benedicta Expósito González (CIG)  
Mónica Méndez López (UGT)

**Excusan a asistencia:**  
José A. Gándara Pérez (CIG)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, logo da a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 12:00 horas do día 13 de abril de 2016, no edificio da Xerencia coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

Previamente ao seu inicio, Marcos Estévez informa que dende esta data Marisa Magaz Ledo substituirá a Manuel Marcos García nesta comisión.

**1. Aprobación da acta nº 1 da comisión tripartita de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, do 11 de marzo de 2016.**

Apróbase a acta.

**2. Negociación da funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.**

Marcos Estévez informa que o Comité de Empresa de Pontevedra non se reuniu polo que tampouco trae ningunha proposta.

Carlos Mollinedo manifesta que entendeu que ata que non rematase a negociación da RPT do PAS laboral non continuaría o traballo desta comisión.

O Vicexerente sinala que na anterior reunión nin se dixo nin se pode extraer tal conclusión.

O Presidente da Xunta do PAS afirma que o proceso de funcionarización é moi complexo, sobre todo no aspecto legal pois calquera funcionario que se sinta prexudicado pode denunciar o proceso, pois xa houbo denuncias e hai xurisprudencia sobre isto; o PAS laboral non debe perder dereitos e os funcionarios non se deben sentir prexudicados no futuro por este proceso. A situación na U. de Vigo é distinta á das outras universidades galegas, hai que facer un proceso de homologación salarial, por iso necesítase rematar primeiro a RPT do PAS laboral, fixando as retribucións, as escalas, as responsabilidades, e para isto é preciso ter a RPT laboral para poder facer unhas bases. Di que hai que ver as equivalencias das titulacións, o tema dos cursos, ver as táboas salariais que tamén se relacionan coas responsabilidades, nos laborais os postos do grupo I son de libre designación mentres que nos funcionarios case todos os postos se adxudican por concurso.

Di que se poden discutir as normas xerais, por exemplo de como se inclúe ao persoal laboral indefinido, tamén que hai escalas que non cadran como é no caso de Biblioteca, na que hai A1, Facultativos, a escala de Axudantes e TEBs, a que se pon agora non existe en ningún sitio, ou son facultativos ou son axudantes. Isto pode xerar confusión nesta área.

Tampouco entende as equivalencias económicas pero que xa se tratará nas reunións que teremos que ter, di que nas equivalencias non hai necesidade de poñer as diferencias de específico. Engade que a lei o que di é que os complementos específico e o de destino é o da responsabilidade do traballo, un xefe de servizo pode ter máis persoal no seu servizo, pero a súa responsabilidade é a mesma ca doutro xefe de servizo.

Di que sería positivo ter unha reunión entre os comités de empresa e a Xunta PAS F para saber que é o que se pretende. Engade que os comités de empresa teñen que negociar a RPT L e logo o que queda é poñer os cimentos sobre as escalas, temarios, a selección...

José M.García Eirín coincide basicamente co Presidente da Xunta do PAS e tampouco entende a referencia ao persoal laboral "indefinido e fixo" no Acordo.

O Vicexerente explica que a funcionarización está reservada ao persoal que sexa indefinido e fixo, polo tanto, queda excluído o indefinido non fixo.

O Presidente da Xunta do PAS propón que se engada un punto no que se indique que ese persoal queda excluído.

O xefe do servizo de PAS explica que o que se pretendía dicir é que para participar se requirirá unha dobre condición: ser PAS laboral indefinido e fixo, simultaneamente, xustamente para que resulte claro que o persoal declarado por sentenza indefinido non fixo, non podería participar. Pero que se non se entende haberá que clarificar a redacción.

O Vicexerente indica que así se fará. Respecto do Acordo coincide en que é necesario coidar os aspectos legais e considera que poden deixarse aparcadas as cuestións referidas ao Anexo I, pero noutras se pode seguir negociando. Loxicamente, a cuestión dos complementos específicos se encadra nese anexo, porque non resulta doado reflectir en táboas salariais homologables as xornadas partidas, a dispoñibilidade horaria, etc.

Alejandro Cadabón pregunta se non se poden crear complementos.

O Vicexerente lémbrale que a estrutura retributiva dos funcionarios está fixada pola lei. Outra cousa é dar encaixe ao Acordo cos Comités de Empresa sobre a estrutura de xefatura e coordinación, que establece a provisión por libre designación.

O Presidente da Xunta do PAS indica que é moi complexo, por iso U. da Coruña leva aprobadas 3 RPTs tras o proceso de funcionarización. Opina que antes de negocialo coa Xerencia, os asuntos



de temarios, exames e outros, deberían acordalos entre a Xunta PAS e os comités para traer unha posición común.

Pablo Álvarez di que lle escoitou á Xerencia dicir que habería tantos procesos como fixeran falta.

O Vicexerente indica que a Xerencia manifestou o seu compromiso cara a facilitar a funcionarización, o obxectivo é que todo o mundo poda acadala; pero tamén é consciente de que pode haber persoas que non queiran, ou que nun momento opinen que non e máis adiante cambien de idea. Propón continuar avanzando con esta negociación.

Marcos Estévez propón avanzar máis na RPT e logo da reunión dos comités de empresa coa Xunta de PAS funcionario reunirse coa Xerencia na primeira ou segunda semana de maio.

Acórdase facer a seguinte reunión o mércores 4 de maio ás 12:00 horas.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 14:45 horas.

